



Asunto: informe sobre Parque eólico Rodicio II
Promotor: Greenalia Wind Power, SLU
Localización: Concello de Montederramo e Maceda (Ourense)
Clave: 2020/0210
Exp: IN408A 2020/42

ANTECEDENTES:

O proxecto indicado é unha solicitude de novo parque eólico.

Polo promotor preséntase os documentos titulados “Documento de inicio para sometemento a avaliación de impacto ambiental del parque eólico Rodicio II no termo municipal Montederramo e Maceda (Ourense))”

Por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático Avaliación Ambiental de Proxectos solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, sobre o devandito documento.

INFORME

Destacar de xeito que na elaboración de estudos de desenvolvemento destas infraestruturas deben ter presente os criterios legais recollidos na lei 7/2011 de 27 de outubro de turismo de Galicia, entre os que cómpre salientar os seguintes: *A Administración da Xunta de Galicia concreta entre as súas competencias:*

A protección e a preservación dos recursos turísticos existentes e o fomento da creación de novos produtos turísticos. (artigo 4.b).

Para os efectos do establecido nesta Lei considéranse recursos de interese turístico, todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables. (artigo 21).

Nos lugares de paisaxe aberta e natural de especial interese, sexa rural ou mariña... nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá... a instalación doutros elementos que limiten o campo visual para contempla as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe ou desfiguren a perspectiva propia dela (artigo 21.3).

Por outra banda e en concreto co obxecto do informe o estudo de Impacto Ambiental do Proxecto Parque eólico Rodeiro II e tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que o devandito proxecto produce un impacto global significativo, feito que os documentos achegados sinalan que o impacto global é medio alto.

CONCLUSIÓNS

As afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa





turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Da documentación achegada non se deduce o estudo de impacto turístico, polo que é necesario que o devandito estudo de impacto turístico inclúa ou complete a seguinte información:

- Achegarase relación de elementos turísticos-patrimoniais significativos da zona: hoteis, casas rurais, etc., avaliando a afección turística do parque sobre cada un deles.
- Analizarase a distancia dos aeroxeradores aos devanditos puntos turísticos.
- Analizarase a distancia daqueles núcleos rurais que poidan ser obxecto de actuacións como aldeas de turismo rural e vivendas illadas que polas súas características morfolóxicas ou situación, poidan ter un valor etnográfico.
- Mapa dos PE da contorna existentes e previsión con estudos acústicos sobre sinerxías e control de ruídos que poida ou puidese afectar a zonas turísticas.
- Aportarase tras o análise anterior medidas preventivas e correctoras no desenvolvemento da construción e explotación que poida ou puidese afectar a zonas turísticas.
- Programa de Vixilancia da afección turística na fase de construción e explotación.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

